

Este prezo inclúe, entre outras cousas, o emprego de materiais, animadores/as, uso de instalacións...

Non queremos que ningún rapaz/a deixe de participar e gozar desta oportunidade por motivos económicos. Por iso, se algunha familia se atopa nesta situación, que fale directamente coa Coordinadora do Centro Xuvenil, para buscar a mellor solución entre todos.

Temos prazas limitadas polo que recolleremos as inscricións ata cubrir as prazas e despois entrarase nunha lista de espera. As inscricións recolleranse na Asociación Centro Xuvenil Abeiro e deberá entregarse xunto con toda a documentación. En caso de baixa do neno/a devolverase o 100% dos cartos soamente se está cursada **antes do 10 de xuño**. Despois desta data se a baixa está cursada antes do martes da semana anterior a participar devolverase o 50% da totalidade polos gastos de xestión. A partir do mércores da semana previa non se cursarán baixas para a semana seguinte.

Sen máis, agradecemos a vosa colaboración e participación, esperamos que esta iniciativa sexa do voso agrado. Recibide un cordial saúdo.

Equipo de Animadores/as da Asociación Centro Xuvenil Abeiro



**ASOCIACIÓN CENTRO
XUVENIL ABEIRO**
RÚA. DON BOSCO,
1 15003-A CORUÑA
693846023 |
WWW.ABEIRO.ORG
cxabeiro@cxabeiro.org

MAÑÁS DE VERÁN



**RAPACES NADOS ENTRE O 2006 E
XUÑO DE 2014**

Datas: Do **25 de xuño ao 20 de xullo** de luns a venres
Horario: de **10:00 a 14:00** (acolida de 9.30 a 10.00)
Servizo de **gardaría**: de 8.30 a 09:30 e de 14:00 a 14:30
Inscrición: na Asociación C.X Abeiro.



PLAZO
de
INSCRIPCIÓN

**Dende ó 23 de abril
ata esgotar prazas.**

**POSIBILIDADE
DE INSCRIPCIÓN
1,2,3 Ó 4
SEMANAS**

**PREZOS
ECONÓMICOS**



**organiza e
informa:**

Asociación C.X Abeiro
Rúa Don Bosco 1
15003-A Coruña

[Tfno. 693846023](tel:693846023)
www.cxabeiro.org
cxabeiro@cxabeiro.org



FEDERACIÓN
DE CENTROS XUVENIS DON BOSCO
DE GALICIA



Benqueridas familias:

A Asociación Centro Xuvenil Abeiro vólvese pór en contacto convosco para anunciarvos que xa podeades inscribir aos vosos/as fillos/as nas **Mañás de Verán**.



As actividades de **Mañás de Verán** realizaranse de luns a venres, do 25 de xuño ao 20 de xullo. O horario de mañá será desde as 09:00h. ata as 14:00h. dentro das instalacións de salesianos.

Os *obxectivos* que nos marcamos con este proxecto son educar en valores a través do xogo, favorecer a creatividade, tamén a participación e o traballo en equipo dos vosos fillos/as, e facilitarvos a conciliación da vosa vida laboral coa vosa vida familiar.

Os *destinatarios/as* destas actividades poderán ser todos os rapaces/as nados entre ó 2006 e xuño do 2014,(5º E.I ata 6º EP).

Dámosvos a opción de que participen una, dúas, tres ou catro semanas que vós elixirades, pero **sempre semanas enteiras, nunca días soltos**. Se os vosos fillos/as participan na primeira semana e queredes ampliar á segunda, **sempre que queden prazas** poderedes facelo, anotándovos ata o xoves da semana anterior; participando aqueles que poidan segundo a relación animadores/rapaces, e por rigorosa orde de inscrición.

O tipo de actividades que se levarán a cabo serán, entre outras, obra-
doiros, xogos de mesa, actividades de animación á lectura, xincana de
auga, deportes, nas instalacións do Centro Xuvenil e do colexio.

Existe o servizo opcional de atención madrugadores, que teremos todos os días de 8:30h. a 9:30h e que custará **5 euros semanais** a maiores do prezo da cota, como tamén o servizo de recollida ao mediodía de 14:00h. a 14.30.

Sempre se deixará e se recollerá o rapaz/a dentro do colexio, tendo que deixar notificado na ficha de inscrición quen é a persoa encargada de recoller ao participante.

A cota que terá que pagar por cada participante dependerá do número de semanas nas que participe, habendo tamén variacións no caso de que participen varios irmáns. Os prezos establecidos son os seguintes:

PREZOS				
	TEMPO			
	1 semana	2 semanas	3 semanas	4 semanas
Xeral	40€	60€	90€	120€
Servizo madrugadores 8.30 a 9.30	45€	70€	105€	140€
A partir do segundo irmán 5 € de desconto sobre o total				